

**Nº R.E.L. = 0215000**

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE  
<CONCELLO>**

**<ENDEREZO>  
<CP> <CONCELLO>**

**A CORUÑA**

**SEGUNDA CIRCULAR SOBRE A CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FONDO  
EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) PARA O PERÍODO  
2007-2010**

O pasado xoves 13 de decembro de 2007 tivo lugar no Pazo de Mariñán unha reunión cos alcaldes dos concellos de menos de 20.000 habitantes sobre os proxectos estratéxicos que esta Deputación provincial vai presentar á convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o período 2007-2010. Estes proxectos teñen a súa orixe no Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013, elaborado no marco dun convenio suscrito por esta Deputación coas Univesidades da Coruña e Santiago e con Caixa Galicia, e que foi aprobado por unanimidade polo Pleno desta Deputación.

Partindo das directrices e estudos contidos neste Plan estratéxico da provincia da Coruña, e tendo en conta os obxectivos e os requisitos fixados na convocatoria de axudas FEDER, seleccionáronse as 3 propostas que se presentaron na reunión do Pazo de Mariñán por resultar as máis axeitadas a tales condicións:

- 1.- Promoción do aforro enerxético, da eficiencia e da calidade en servizos públicos municipais.
- 2.- Plan integral de seguridade vial para peóns en estradas provinciais.
- 3.- Posta en valor das bacías fluviais: 1ª fase -Río Mandeo.

Os destinatarios do primeiro proxecto son todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes; os destinatarios do segundo proxecto son todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes que teñan no seu termo municipal estradas provinciais; os destinatarios do terceiro proxecto son os concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Cesuras, Curtis, Irixoa, Oza do Ríos, Paderne e Sobrado, tendo en conta que esta é unha primeira fase que posteriormente poderá estenderse a outras bacías da provincia.

Esta é a primeira convocatoria 2007 para o período 2007-2010, e posteriormente haberá outra para os anos 2011-2013, á que se presentarán novos proxectos estratéxicos.

Trátase dunha convocatoria de concurrencia competitiva, o que quere dicir que esta Deputación vai competir co resto das deputacións galegas e cos concellos de máis de 20.000 habitantes de Galicia, e que unha Comisión de Valoración da Administración do Estado seleccionará só os proxectos que máis se axusten aos criterios de admisibilidade e selección recollidos na convocatoria, que, en resúmen, son os seguintes:

- Os proxectos deben destinarse a rexeneración urbana e rural dos municipios pequenos e medianos.

- Deben ter carácter "integrado", o que supón que como mínimo impliquen unha mellora do medioambiente, e o desenvolvemento social e económico do territorio.

- Valorarase a calidade e orixinalidade do proxecto, así como a súa orientación ás directrices comunitarias sobre rexeneración urbana e rural.

- Terá moita importancia para a selección dos proxectos pola Comisión de Valoración a participación dos concellos e dos seus habitantes, e o apoio dos grupos sociais e veciñais aos que van afectar directa ou indirectamente.

De acordo con todo isto, tendo en conta que imos competir con outras administracións, esta Deputación está a facer un esforzo por presentar os mellores proxectos posibles, o máis axustados ás esixencias da convocatoria, para o que conta coa valiosa colaboración da Universidade da Coruña, e necesita contar co fundamental apoio de todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Neste momento, estase a elaborar a documentación dos proxectos estratéxicos que se detalla nas Bases da Convocatoria, que aínda ten carácter xeral, cuxas grandes liñas de actuación xa foron presentadas no Pazo de Mariñan, e que, no caso de resultar seleccionados, posteriormente deberán desenvolverse e concretarse con proxectos técnicos específicos.

Insístese en que a participación dos concellos nesta Convocatoria é moi importante, e agora esta participación concrétese no apoio e no respaldo aos proxectos mediante a firma dun documento de conformidade e adhesión aos mesmos, no que cada concello se comprometa a facilitar a súa execución, poñendo no seu caso os terreos necesarios a disposición, e obtendo as autorizacións e permisos que sexan precisos, así como promovendo a participación dos seus veciños e impulsando a súa difusión social.

En todo caso, aclárase que os concellos destinatarios dos proxectos non terán que aportar financiación aos mesmos, xa que se financiarán con fondos FEDER e fondos da Deputación.

Xúntase a esta Circular, un modelo de adhesión, coa finalidade de que o concello poida manifestar o seu apoio institucional aos proxectos estratéxicos que esta Deputación vai presentar nesta convocatoria de axudas FEDER. (En castelán porque vai enviarse á Comisión de Valoración coordinada polo Ministerio de Administracións Públicas). Este documento de adhesión deberá presentarse nesta deputación antes do 31 de decembro de 2007, coa finalidade de incorporalo á documentación que se vai presentar.

Infórmase que na páxina web desta deputación ([www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)) figuran a documentación técnica que foi entregada no Pazo de Mariñan, as bases desta Convocatoria de axudas FEDER e o modelo de adhesión aos proxectos estratéxicos desta Deputación.

Por último, solicítase que se indiquen os datos dunha persoa do concello que sirva de contacto con esta Deputación para todo o relativo a este Plan, coa finalidade de axilizar todas as xestións relacionadas coa súa elaboración e execución. Prégase que se envíen os datos por correo electrónico á seguinte dirección: [xestion.plans@dicoruna.es](mailto:xestion.plans@dicoruna.es)

PERSONA DE CONTACTO. SUBVENCIONES FEDER 2007-2013	
Concello	
Nome e apelidos	
Posto de traballo	
Correo electrónico	
Teléfono fixo	
Teléfono móbil	
Fax	

O PRESIDENTE

Asdo.- Salvador Fernández Moreda